




Manuel mirouno divertido e  
respectuoso ao tempo. Á súa maneira,  
o señor Ventura non  
distaba tanto dos vellos mestres que  
coñecera na China, e que gardaban  
neles toda a sabedoría  
da medicina tradicional.  
Nos dous estaba presente  
o poder enerxético da natureza,  
do propio home.  
El sabía ben da verdade daquela  
afirmación. Sentíraa en si desde  
pequeno, sempre levará  
nel esa inclinación pola natureza.  
Gozaba da visión da paisaxe no traxecto  
da Coruña á aldea familiar,  
en Ordes. Detíñase o tempo mentres  
observaba a festa de cores na que rompía  
a primavera, os grises, azuis e verdeescuros  
do outono, o labirinto vexetal  
cheo de vida que existía alén  
de Monte Alto,  
non tan lonxe.

O nordés acariñou as primeiras horas da tarde e Catoira encolleu mirando para a Arousa. O señor Ventura, nas mans e na fronte as marcas do arado do tempo, ergueu a cara co cigarro suspendido no bico dos beizos, fechou os ollos e pousou no aire fresco a súa sorpresa.

- Así que unha hora abrazado a un castiñeiro...
- Unha hora ao día, si. Iso foi o que lle "receitaron" a aquel home, que lle parece? Eu non sei se a cousa despois foi a mellor, non pasei alí tempo suficiente para poder asegurarme, mais parecía funcionar... aínda que si, recoñezo que é raro.
- A min raro de todo non me parece. A natureza cúranos, iso é así, e hai moitas cousas que non sabemos dela. Antes de haber tanto medicamento, tanta droga desta, era coas prantas que facíamos remedios para sandar... Eu conste que diso non sei moito, o meu é compoñer os ósos, empregar as mans. Ata cando me deixen, que para algunhas cousas xa non me atrevo, non vaia ser...

Manuel mirouno divertido e respectuoso ao tempo. Á súa maneira, o señor Ventura non distaba tanto dos vellos mestres que coñecera na China, e que gardaban neles toda a sabedoría da medicina tradicional. Nos dous estaba presente o poder enerxético da natureza, do propio home. El sabía ben da verdade daquela afirmación. Sentíraa en si desde pequeno, sempre levará nel esa inclinación pola natureza. Gozaba da visión da paisaxe no traxecto da Coruña á aldea familiar, en Ordes. Detíñase o tempo mentres observaba a festa de cores na que rompía a primavera, os grises, azuis e verdeescuros do outono, o labirinto vexetal cheo de vida que existía alén de Monte Alto, non tan lonxe.

A natureza, o seu contacto, fora para el sempre unha fonte de enerxía. Porque iso somos, enerxía, a mesma que ten unha nai para curar ao seu fillo cando é pequeno, pensou. Iso aprendérao ben en Pekín, ao ver a posta en práctica do *chi kung*, e como había mestres que curaban con só achegar as mans por riba das diferentes partes do corpo, sen as tocar sequera. Aquela experiencia marcáralo, era unha aprendizaxe singular nun camiño ben complexo cheo de incomprensións e receos, o que vivía na Coruña.

- Si, hai moita prevención con todo o que facemos, señor Ventura. Custa moito facelo entender... Eu botei anos escribindo a un sitio e a outro para ir aprendendo, sabendo, para poderme formar, sempre preguntando a consulados doutros países... Pero eu sabía que tiña que facelo, porque a miña propia saúde ía depender diso..
- E fixeches ben...
- Fixen, si. Do contrario trataríanme de tolo. Porque estes meus ollos viron ao señor Pang Ming facer imposición de mans, sabe? Achegábase así aos pacientes e abría as mans, concentrado. Eu podía notar aquela enerxía, era como un campo magnético de forza, non sei como explicarlle... Aquí pensaríase cousa de meigas.

E talmente así era. Cantas veces pensara nas dificultades de facer comprender na mentalidade occidental as técnicas do Qigong. Cantas as que se viu incapaz de explicar aquel episodio en que, despois dunha sesión de *tai chi*, a súa mente quedara completamente en branco e esquecera o nome da súa muller e da súa filla. Camiñaba con elas, sabía que eran elas, mais non lembraba os seus nomes. Como explicar a rutina daquel home que todos os días camiñaba para atrás, naquel parque inmenso, para recompoñer o equilibrio do corpo.

Os seus pensamentos debruzábanse melancólicos sobre o silencio da mirada do señor Ventura, que notara o remoer das súas lembranzas. Unha raiola de sol cruzou a corte desde a porta.

- Que, comezamos entón a pasar xente?

